



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 25-01-2021

Celebración do Pleno ordinario sendo ás 20:00 horas do día 25 de xaneiro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a María Teresa Chouciño Calvete

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

D^a. M^a. Beatriz Martínez Calvo

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

SECRETARIA : D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

PARTE RESOLUTIVA

1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.-

Correspondentes á sesión do Pleno celebrada o día 26-11-2020, de carácter ordinario e á sesión do Pleno celebrada o 21-12-2020 de carácter extraordinaria.

Por parte da Alcaldía pregúntase se teñen alguna consideración que engadir e pide a palabra a concelleira D^a Ana Pérez Imia indica que quere que conste en acta que incumplíu reiteradamente varios artigos que se refiren á orde no desenvolvemento da sesión plenaria como son os artigos 9, 42 e 49.3 do ROM e os artgos 12 e 94 do ROF.

O Sr Alcalde indica que neste punto son consideracións sobre a acta,o resto de consideracións son no turno de rogos e preguntas , como críticas políticas.

A Sra. Pérez Imia indica que considera que existe una inexactitude na acta ao non facerse referencia na mesma ao incumprimento dos artigos antes mencionados.

Toma a palabra a Sra Secretaria que indica que ela non pode engadir non contido da acta o incumprimento deses artigos, posto que ningún invocou os mesmos. Aclara que nas actas recóllense varias peticións de que conste en acta o incumprimento do ROM efectuadas polos concelleiros, pero que en ningún momento se invocou ningún artigo.

A Sra Perez Imia aclara que ela non os puido invocar porque foi chamada a orde dúas veces, non puidendo falar.

De seguido sométese a votación a aprobación das actas acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 votos a favor(2 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, María Teresa Chouciño Calvete) e 1 de APIN (D. Marco Varela Vidal)

Votos en contra: --

Abstencións: 9 (5 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago,Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda) 3 do PP e 1 APIN (José Manuel Pose Verdes))

PARTE CONTROL

1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DESDE A NÚMERO 854/2020 do 20/11/2020 (exp: 2020/G003/000895 ATA A NÚM. 19/2021 do 15/01/2021 (exp. 2021/G003/000020)

O Sr Pose Verde quere facer uso da palabra ao que o Sr Alcalde indícalle que non procede o debate, que pode intervir no turno de rogos e preguntas. O Sr Pose por unha cuestión de orde indícalle que lle estrana que lle diga precisamente eso o Sr Alcalde dado que estivo pelexando co anterior alcalde esto precisamente, posto que as dacións de conta permiten debate aínda que non votación.

2. ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS DE APIN

1.- O 23.12.2020 presentaron no Concello unha solicitude de documentación e despois de varios intentos entregáronlles algunha. Comprobamos que se fixeron determinados a favor dunha empresa que xestiona a EDAR de Corme, e que o Sr Alcalde pagou unas facturas reparadas todas elas por intervención. Indica que esas facturas estaban no REC, e que esa empresa deixaría de levar o servizo se non se solucionaban os problemas técnicos e económicos. Contrariamente ao que dixo o Sr Alcalde puido pagar unas facturas sen vir o pleno, polo que non entende por que se lle pode pagar a uns autónomos e a outros non. Entende que o Sr Alcalde é un político cuns anos de experiencia e atopou unha solución. Entende que isto é moi grave dado que paga a esta empresa e a outros non, dado que estas facturas estaban no extraxudicial, aínda que non teñen o mesmo número que REC pero si coinciden nos importes e conceptos que coinciden coas facturas que forman parte do expediente 2020/G003/000203 *Quere saber como é posible que haxa facturas que aparecen no REC e no último pago de 29.12.2020 e sobre todo como é posible que haxa facturas concidentes en concepto e importe pero con distinta numeración. Vais pagar dúas veces?*

2.- No expediente 2020/G003/0001023 inclúese unha factura de 3.373,80 para estudio do PXOM de Ponteceso para parcelas edificables. Non entendo que apareza esta factura cando o Sr Alcalde estivo vendendo as parcelas edificables no Concello, traballo que por outra banda o Sr Pose Verdes creía que o estaban a facer os técnicos municipais. Este traballo indica que non serve de nada e encima llo encarga a unha empresa e pide explicacións do por qué deste gasto.

3.- Existen dúas casa en estado de ruína no Lugar de Nemeño e Cores que implicou o corte dos viais e xa levan tempo. Quere saber se se vai tomar alguna iniciativa de abrir as rúas e tomar medidas oportunas para que non haxa problemas para os viandantes.

O Alcalde indica que dacordo co ROM as preguntas quedan pendentes de responder para o vindeiro pleno ordinario.

ROGOS DO PP

1.- Esta semana presentouse por sede telemática a petición dun despacho para poder exercer as súas función o PP, polo que roga que se axilicen os trámites para a adecuación do local para poder traballar.

PREGUNTAS DO PP

1.- Reitera a pregunta que fixo APIN, dado que en Nemeño levan coa carretera atrancada con vaías e cintas do Concello de Ponteceso, e non existe xustificación, dado que a única estrada coas que contan.

2.- O cementerio de Nemeño esta sen luz, polo que polo menos poñerlle uns puntos de luz.

3.-No paseo fluvial de Ponteceso está en moi mal estado, polo que pregunta cal é o motivo polo que o paseo está nese estado. Cando o pensa reparar?

O Alcalde indica que dacordo co ROM as preguntas quedan pendentes de responder para o vindeiro pleno ordinario.

De seguido o Sr Alcalde procede a responder as preguntas pendentes do anterior pleno.

1.- No que respecta á pregunta do Alumeado, estanse reparando as averías de alumeado chamando ao teléfono 981714000 polas mañás ou enviando un correo a concello @ponteceso.net.

2.- No que respecta a limpeza de Corme, estase a facer con medios propios e indica que salvo algunha rúa que haxa que baldear ou tema concreto, estase a levar un plan de limpeza por parte do Concello no que está incluído Corme.

3.- A última pregunta sobre a casa Mourelle, o Sr Alcalde indica que cando chegaron ao goberno atopáronse cunha serie de firmas de presuntos herdeiros da casa para cederlla ao Concello. Existía un expediente non ben construído e entenden que é un ben que si se pode o Concello facer con él de forma gratuíta e importante que se conserve. Como existen carencia de fondos o goberno púxose en contacto con varias fundacións para poder costear a súa rehabilitación. Nestes intre o Concello está a facer labores de mantemento e cree que co panorama actual non se trata de algo prioritario. Indica que pola súa tipoloxía tampoco podería utilizarse como casa de cultura, pero que si nun futuro contemplan a súa rehabilitación pola situación histórica que ten o almirante. Por parte do Sr García Cotelo considera que respecto do alumeado os veciños non teñen que traballar para o Concello, senón ao revés, dado que non ten concelleiros para que se ocupen destas tarefas.

Respecto da casa da Mourelle indícalle que se tratan de herdeiros, non presuntos. Esie que inicie o expediente.

O Sr Alcalde resposta que no alumeado que o Concello fan labores de alumeado, moitas veces hai que facer investimentos non previstos. Pero o gran proxecto do goberno é o alumeado do IDAE que está en fase de solicitude de autorizacións sectoriais.

No que respecta á casa de Mourelle indícalle que é moi complicado facer fronte a ese gasto cando o equipo de goberno recién entrado se atopa cunha débeda de 5.500.000€, debendo destinar o POS a obras de carácter máis prioritario dado a situación do Concello naquela etapa. Recordar unha emerxencia como foi embargo do MACMO, que implicou adquirir o mesmo para que non se perdesa, polo que o Concello de Ponteceso si aposta pola Cultura e Patrimonio.

Neste intre abandona o salón de Plenos o Sr Pose Verdes, sendo as 20.25 horas.

O Sr Alcalde pregunta se existe alguna pregunta máis e pide a palabra a Concelleira Sra Fondo Pérez que indica que no respecto ao tema do pago dos autónomos o Sr Alcalde estívolle votando a culpa de que non se pagara aos mesmos , dado que eles tiñan que levantar o reparo de intervención e sucede agora que o Sr Alcalde si que pagou a quen él quixo, polo que pide unha explicación para o resto dos autónomos.

Respondendo á Sra Fondo, o Sr Alcalde indica que cando se fai unha convocatoria, apórtanse todos os gastos que van por Resolución de Alcaldía, dado que forman parte da dación de contas enviada a todos os concelleiros. Se se fai unha pregunta por escrito en tempo , apórtanse unha serie de documentos técnicos e expóñense no pleno.

Indica que neste caso a oposición non lee nin pregunta, polo que non momento de celebración do pleno se a mesma se realiza de forma verbal contestarase no vindeiro pleno. Se teñen prisa na contestación presenten as preguntas por escrito en tempo e forma para que poidan ser contestadas.

A Sra Pérez Imia alude que non está a acta do 26.11.2020 que se corresponde co pleno extraordinario celebrado nesa data, polo que solicita que remate o pleno para que se poida redactar a mesma.

O Sr Eiroa Ameijenda pregunta se grabou o Sr Alcalde os vídeos da Alcaldía publicados.

O Sr Santiago Lema recórdalle que se había tanta presa en pagarlle aos autónomos e agora nas preguntas formuladas indica que se contestaran no pleno de marzo, onde está esa ansia de pagarlle aos autónomos.

O Sr Alcalde que a presentación das preguntas se faga por escrito.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 20 horas e 30 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido.

Asdo; D^a.Antía Pena Dorado